

**INFORMACIÓN PARA ASPIRANTES****MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19 EN PROCESOS
SELECTIVOS NO CONCELLO DE VIGO – AUXILIAR ADMON XERAL OEP 2014, 2015 E 2016**

- Ningunha persoa acudirá á realización da proba se está en corentena, foi diagnosticada como positiva en COVID-19 e non finalizou o período de illamento, presenta síntomas compatibles coa COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se atopa en período de corentena por haber tido contacto estreito cunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- En caso de que algún/ha participante pertenza ao grupo de poboación vulnerable fronte á COVID-19 e necesite dalgunha adaptación indicada polo seu profesional sanitario, o comunicará ao órgano convocante no prazo máximo de 3 días hábiles dende a publicación da lista definitiva de admitidos, xustificando esta vulnerabilidade adecuadamente mediante certificado médico (exención ao uso de máscara, necesidade de utilizar máscara de protección tipo FFP2 ou FFP3...).
- Non acudir acompañados/as para evitar aglomeracións.
- Recoméndase puntualidade. As portas de acceso á zona para o chamamento abríranse ás 15:30, unha hora antes da convocatoria. Non debe esperar no exterior, ao chegar ao IFEVI diríxase ao acceso principal e será conducido á zona para o chamamento.
- Deberá manter a distancia de seguridade en todo momento, tanto no interior como no exterior das dependencias.
- Unha vez acceda ao interior deberá localizar a cadeira co número que coincida co seu número no listado de admitidos. O persoal de apoio estará dispoñible por se necesita axuda.
- Ensine o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso e siga as súas instrucións.
- No momento do acceso indícaráselle a cada participante que lave as mans con solución hidroalcohólica e lle será entregada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma se garante que todas son conformes a normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. A continuación dirixírase á cadeira cuxo número coincida co número do aspirante na lista definitiva de admitidos.
- Cada participante levará o seu propio bolígrafo e material que sexa necesario para a realización do exame de acordo coa convocatoria da proba.
- Unha vez o/a participante ocupe un asento, ocupará o mesmo lugar durante toda a proba, a menos que resulte indispensable realizar un cambio, caso no que se deberán adoptar as medidas de desinfección necesarias.
- Non se permitirá o uso dos aseos salvo urxencia. En caso de utilizarse, respectarase os aforos e manterase a distancia mínima de seguridade en todo momento.
- Respectarase a sinalización do recinto en todo momento (distancia de seguridade, límite de aforo, sentidos de circulación).



- Non abandonará a sala ata que o tribunal o indique. A sala baleirarase comezado polos postos máis próximos ás saídas, seguindo as instrucións do tribunal e persoal de apoio. Unha vez finalizada a proba abandonará as dependencias e inmediacións evitando aglomeracións de persoas.
- Se nas seguintes 72 horas á celebración do exame é diagnosticado/a positivo/a en COVID-19, solicítase o comunique ao Concello de Vigo no correo electrónico ofi.recursoshumanos@vigo.org por se fora necesaria a adopción de medidas preventivas.
- Lémbrese que unha das medidas fundamentais para evitar a propagación da COVID-19 é unha adecuada ventilación dos espazos, polo que portas permanecerán abertas durante a celebración dos exames.
- No caso de aparición de síntomas durante a celebración da proba avisarase ao tribunal ou persoal de apoio. O recinto conta cunha sala COVID ao que será conducido neste caso. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.



ACCESO Á ZONA E EXAME: PROBA AUXILIAR ADMON XERAL OEP 2014, 2015 E 2016

